

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR DO IES CAMILO JOSÉ CELA CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30 de setembro de 2022)*, a Xunta Electoral do IES Camilo José Cela, conforme ao calendario aprobado na súa primeira reunión, dispón a convocatoria de eleccións ao consello escolar, SECTOR DO PROFESORADO, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG 09/08/1996)*, redactado segundo o establecido na disposición adicional terceira 1 do *Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, (DOG do 26)*, corresponde elixir no presente proceso electoral **tres profesores/as** dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.

2. O censo electoral está exposto a partir da data desta circular na sala do profesorado.

3. Poderanse presentar **candidaturas do día 4 (venres) ao 14 de novembro (xoves), ás 13:00 h.**

4. A mesa electoral estará formada polo Director do centro, que actuará como presidente, e os/as docentes de maior e menor idade, actuando este/a último/a como secretario/a.

5. Cada docente fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de dous nomes** da lista de candidatos e candidatas.

6. O voto será directo, secreto e non delegable.

7. Para dar cumprimento ao artigo 35 do *Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/1988)*, onde se establece que se debe dar lectura ás normas legais relativas ao procedemento de elección de representantes do profesorado no Consello Escolar e que se debe dar a coñecer a relación de candidaturas presentadas, así como fixar en dita reunión a data de celebración do claustro extraordinario das votacións, **convócase o Claustro do profesorado para o día 17 de novembro (mércores) ás 12:25 no Salón de Actos do centro.**

Padrón, 4 de novembro de 2022.

O Presidente da Xunta Electoral e Director do centro

Asdo.: Manuel González Alvarellos

